



## ELECCIÓN REPRESENTANTES DO ALUMANDO AO CONSELLO ESCOLAR

### CIRCULAR INFORMATIVA

Estimadas/os alumnas/os:

De acordo coa Convocatoria do día 7 do mes en curso, o próximo día 28, en horario de 10:45 a 12:15 horas, celébrase neste Centro a votación para a elección de representantes do alumnado no Consello Escolar do IES.

Para participar na referida votación, tal como se sinalaba na citada Convocatoria, procederáse da seguinte forma:

Son elixibles os alumnos/as , que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas **ata as 14'00 horas do día 16 de novembro**.

A dirección deste IES anima a todos os alumnos/as a que participen, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible do alumnado no Consello Escolar.

Toda a información pódese consultar na páxina web <http://ieschandomonte.edu.es> e no taleiro de anuncios do Centro.

**A DIRECCIÓN**





## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES ALUMNOS/AS AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 25 de setembro de 2018, conxunta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 08/10), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNOS/AS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 alumnos/as**<sup>1</sup>, dun total de **4** que debe ter o Consello Escolar. Os outros 2 representantes de alumnos/as continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2016.

2.- Son electores todos os alumnos/as matriculados no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día 7 novembro está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do 16 de novembro.

3.- Son elixibles os alumnos/as que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14'00 horas do día 16 de novembro.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os alumnos/as que non se presenten como candidatos/as, o día 22 de novembro, ás 11 horas. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e dous alumnos/as, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 19 ao 26 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. A véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos/as matriculados no Centro que sexan propostos pola Asociación de alumnos existente no Centro ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola sinatura de 10 electores/as.

7.- As votacións realizaranse neste IES o **día 28 de novembro, de 10:45 a 12:15 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 10:30 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de 1 **nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

10.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Marín, 7 de novembro de 2018  
O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.:Pablo A.Varela Martinez

(1) Segundo proceda en cada caso.

(2) Segundo a situación particular de cada centro. Ver o artigo 42 do Decreto 92/1988.

